

4. Unha transición sen ruptura.

4.1. Da morte de Franco á chegada de Suárez ao poder.

Tras a morte de Franco, **Xoán Carlos I** foi coroado como **rei de España** e asumiu a xefatura do Estado. No discurso da súa coroación, o monarca manifestou o seu desexo de instaurar en España un sistema democrático. O rei decidiu manter como xefe de Goberno a **Carlos Arias Navarro**, que fora nomeado en 1974. Este renovou o seu equipo incorporando varios ministros reformistas. O avance cara a unhas estruturas democráticas era demasiado lento e a oposición manifestou o seu descontento en sucesivas manifestacións. Finalmente, en xullo de 1976, o rei forzou a Arias Navarro a dimitir. Sucedeuno na presidencia do Goberno **Adolfo Suárez**, que levou a cabo unha serie de reformas que abriron o camiño cara á implantación do sistema democrático en España. O primeiro paso foi a aprobación da **Lei para a Reforma Política** (1976), apoiada en referendo. Despois, o Goberno de Suárez decretou unha amnistía para os presos políticos, legalizou os partidos políticos, incluído o Partido Comunista (PC), e convocou eleccións para xuño de 1977.

Este proceso desenvolveuse nunha situación moi tensa:

- Existía unha grave crise económica.
- Intensificáronse os atentados terroristas: ETA, o GRAPO, grupos de extrema dereita...
- A legalización do PC e os atentados provocaron un profundo malestar no Exército.

4.2. Primeiras eleccións e política de consenso.


As eleccións do 77 deron a vitoria á **Unión de Centro Democrático (UCD)**, liderada por Adolfo Suárez. O PSOE foi o segundo partido máis votado, seguido polo Partido Comunista (PCE), Alianza Popular (actual PP) e os partidos nacionalistas catalán e vasco. O novo Goberno, que non tiña maioría absoluta, practicou unha política de **consenso**, buscando acordos coas outras forzas políticas:

- Os partidos representados no Parlamento e os sindicatos asinaron os **Pactos da Moncloa** para abordar a grave crise económica do país.
- Redactouse unha **Constitución** democrática, que foi aprobada en referendo en 1978.
- Chegouse a un acordo para poñer en marcha un sistema político que outorgase **autonomía ás diferentes rexións españolas**, e concedéronse os primeiros **Estatutos de Autonomía**.

Desta forma, entre 1977 e 1979 sentáronse as bases da nosa democracia.

4.3. O 23-F e a consolidación da democracia.

En 1979 convocáronse novas eleccións, que volveu gañar UCD. Non obstante, a persistencia da crise económica e a división interna nesta coalición provocaron a **dimisión de Suárez** como presidente do Goberno a comezos de 1981. O **23 de febreiro de 1981 (23-F)**, durante a sesión parlamentaria en que se votaba a investidura de Leopoldo Calvo Sotelo como novo presidente do



16. Antonio Tejero tras irromper no Congreso dos Deputados no fracasado intento de golpe de Estado do 23 de febreiro de 1981.

Goberno, produciuse un intento de golpe de Estado. A actuación do rei e a falta de apoio dos partidos políticos e da poboación foron decisivos para que o golpe fracasase.

O Goberno de **Calvo Sotelo** tivo que afrontar o agravamento da crise económica e un aumento da actividade terrorista. Durante o seu mandato, España **ingresou na OTAN**, no ano 1982.

As eleccións de outubro de 1982 deron o triunfo ao PSOE por maioría absoluta. Este feito adóitase considerar o final da transición.

5. A Constitución de 1978 e o Estado das Autonomías.

5.1. A Constitución de 1978.

A Constitución de 1978, redactada por consenso entre os principais partidos políticos do país, recolle, entre outros, os seguintes principios:

- España defínese como un **Estado social e democrático de dereito**; social porque o Estado intervén para lograr unha sociedade máis xusta, e de dereito porque as leis obrigan a todos os españois por igual.
- Recoñécese que a **soberanía nacional** reside no pobo español, que elixe os seus representantes no Goberno mediante sufraxio universal en eleccións libres.
- A forma política do Estado é a **monarquía parlamentaria**. O rei é o xefe do Estado.
- Establécese a **separación de poderes**:
 - as Cortes Xerais, con dúas cámaras, o Congreso e o Senado, exercen o poder lexislativo;
 - o Goberno, o poder executivo.
 - os xuíces e maxistrados, o poder xudicial.
- Recoñécense numerosos **dereitos e liberdades**.
- Afírmase a unidade do Estado español, pero prevese a posibilidade de que se creen **Comunidades Autónomas**.

Algunhas institucións, como o **Tribunal Constitucional** e o **Defensor**

do Pobo, velan para que as leis e as autoridades respecten a Constitución e non se vulneren os dereitos e liberdades.

5.2. O Estado das Autonomías.

Co fin da ditadura, os sentimentos nacionalistas afloraron en **Galicia**, en **Cataluña** e no **País Vasco**.

En 1977 reestableceuse a **Generalitat** de Cataluña, e no 1978 a **Xunta** de Galicia e o **Consello Xeral** Vasco. A demanda de autonomía estendeuse a outras rexións durante a transición.

Tras a aprobación da Constitución definiuse o modelo autonómico e iniciouse o proceso de concesión dos diferentes Estatutos de Autonomía. Este proceso culminou en 1983.



Hoxe, España está constituída por 17 Comunidades e dúas Cidades Autónomas. Cada Comunidade ten o seu **Estatuto de Autonomía**, que recolle a denominación da Comunidade, o seu territorio, as súas institucións de autogoberno (Parlamento, Goberno...) e as súas competencias.

6. Os gobernos do PSOE (1982-1996).

6.1. A política interior.


O PSOE ganou as eleccións de 1982 por maioría absoluta e ata 1996 sucedéronse os Gobernos socialistas, presididos por **Felipe González**. Foi, ata o momento, a etapa máis longa de Goberno dun partido en toda a historia democrática de España. En 1982 a situación política española era inestable. A democracia estaba pouco asentada e existía o perigo dun novo golpe de Estado militar.

Entre 1982 e 1996 a **democracia consolidouse** definitivamente en España. Os Gobernos socialistas levaron a cabo numerosas reformas que modernizaron España:

- Ampliouse o **Estado do benestar**: o Estado vai financiar os servizos para garantir unha calidade de vida digna os cidadáns. Universalizouse a atención sanitaria e xeneralizáronse as pensións de xubilación e os subsidios por desemprego. Os cambios sociais, como:
 - a progresiva incorporación da muller ao mercado laboral.
 - o envellecemento da poboación.
 - o aumento das situacións de exclusión.reclamaron novas medidas de protección. Algunhas víronse freadas pola crise de 2007.
- Realizáronse **obras públicas** que melloraron a rede de transportes, en particular autovías e as primeiras liñas ferroviarias de alta velocidade
- Tomáronse medidas para mellorar a **seguridade**, coa reforma do Exército e os acordos de cooperación antiterrorista con Francia para loitar contra ETA.
- **Reformouse a economía** mediante unha dura política de axuste e reconversión industrial que axudou a superar a crise económica que atravesaba o país e contribuíu a lograr un importante crecemento económico na segunda metade da década de 1980. Non obstante, este crecemento tivo dúas limitacións: o desemprego e a elevada débeda do Estado.

Desde finais da década de 1980, a popularidade do Goberno socialista diminuíu. Isto debeuse:

- ao empeoramento da situación económica e o aumento do desemprego, e aos **escándalos de corrupción** política en que se viron envoltas algunhas personalidades do PSOE.
- ao escándalo dos **GAL (Grupos Antiterroristas de Liberación)**, destinados a combater a ETA e no que se viron implicados as forzas de seguridade do Estado e o Goberno socialista.



22. RESULTADOS DAS ELECCIÓNS XERAIS DE 1982 (N.º DE DEPUTADOS)

O Partido Socialista gañou as eleccións de 1993, pero non logrou a maioría absoluta. En 1996 perdeu as eleccións xerais, gañadas polo Partido Popular.

6.2. O referendo sobre a OTAN.

O cambio de réxime político tras a morte de Franco supoñía a oportunidade de entrar a formar parte da Comunidade Económica Europea (CEE), unha petición denegada durante a ditadura.

A adhesión á OTAN, á que pertencían case todos os países de Europa occidental, podía considerarse un paso previo á aceptación do ingreso na CEE. España incorporouse á OTAN o 30 de maio de 1982 durante o Goberno de Calvo Sotelo, no medio dunha grande oposición popular alentada polo PSOE, partidario de manter a neutralidade do país e de someter tal decisión a referendo. Non obstante, unha vez no goberno o PSOE considerase conveniente continuar nesta alianza militar. En 1986 o Goberno socialista someteu a permanencia de España na **OTAN** a unha **consulta popular**, pero apoiou o voto afirmativo con tres condicións:

- non integrarse na estrutura militar.
- non introducir armamento nuclear no territorio español.
- reducir a presenza militar estadounidense en España.

O Partido Socialista logrou o apoio popular, aínda que por unha pequena marxe.

6.3. A entrada na CEE.

Ao mesmo tempo que España decidiu permanecer na OTAN, proseguíu o proceso de incorporación á CEE. O PSOE decidiu estreitar os lazos cos países que puidesen favorecer a entrada na organización, que eran principalmente Francia, Alemaña e o Reino Unido. Ademais, adoptou duras medidas para sanear a economía e facela máis competitiva, axustándoa ás do resto dos países membros, que en xeral tiñan un maior nivel de desenvolvemento. Como resultado destas políticas, o 12 de xuño de 1985 España asinou o Tratado de Adhesión, que entrou en vigor o **1 de xaneiro de 1986**. A incorporación de España á CEE foi un paso decisivo para a súa modernización económica.

7. Galicia: A democracia e a autonomía.

A transición política da ditadura franquista á democracia en Galicia pasou pola redacción e **aprobación do Estatuto de Autonomía**. O poder estivo na dereita, primeiro coa UCD e despois con Alianza Popular. O Estatuto de Autonomía aprobouse en 1980 e entrou en vigor en 1981, ano en que se constituíu o primeiro Parlamento galego. Segundo o Estatuto, as institucións básicas son:

- O **Parlamento de Galicia** é o poder lexislativo, composto por 75 deputados, elixidos por sufraxio universal e por provincias.
- A **Xunta de Galicia** é o poder executivo e cabeza da Administración autonómica, cun Presidente elixido polo Parlamento. Ademais exerce a representación do Estado en Galicia.

Os primeiros gobernos da Xunta foron presididos por Xerardo Fernández Albor, de Alianza Popular, que despois se chamou Partido Popular, e foi a etapa de organización de toda a estrutura administrativa da Autonomía, así como da creación da RTVG. En 1989 gañou as eleccións o Partido Popular e o seu candidato, Manuel Fraga, foi presidente da Xunta de Galicia entre 1990 e 2005.

Durante estes anos aumentaron as competencias do goberno Galego.

En novembro de 2002, o afundimento do petroleiro «Prestige» diante da costa produciu unha crise na política galega. Tras un período de goberno de coalición do PSOE e o BNG presidido por Emilio Pérez Touriño entre 2005 e 2009 volveu o PP á Xunta con Alberto Núñez Feijóo.

8. O papel da muller na dictadura e na democracia.

8.1. O papel da muller na dictadura

Durante a ditadura de Franco impúxose un **modelo familiar patriarcal**, amparado polo Estado e a Igrexa, en que a muller debía desempeñar, case en exclusiva, o **papel de esposa e nai**. A muller **perdeu moitos dos dereitos** logrados na Segunda República. Permitíasele traballar só se contaba co permiso do seu pai ou marido e prohibíusele o exercicio dalgunhas profesións, como xuíz, notario...



Tamén se lles esixiu unha forma de vestir decorosa: saia, manga longa e sen escotes.

Só a partir da década de 1960 as españolas puideron **acceder en maior medida á educación e ao traballo asalariado**, mellorando algo a súa situación, aínda que **a discriminación persistiu**.

8.2. Transformacións do papel da muller na democracia.

A reinstauración da democracia en España supuxo importantes cambios para as **mulleres**, que coa Constitución de 1978 viron recoñecida a súa **igualdade legal** cos **homes**. Nestes anos as españolas incorporáronse masivamente ao mercado laboral. Así, a poboación activa feminina pasou do 28 %, en 1975, ao 53,7 % na actualidade. Pero as mulleres teñen máis dificultades para ocupar postos de alta responsabilidade e perciben salarios inferiores aos dos seus compañeiros



homes. Os cambios na situación da muller e a evolución da sociedade provocaron un atraso na idade á que se forma unha familia. Ademais, xunto ao **modelo de familia nuclear** coexisten **novos tipos de familia**, como as monoparentais, constituídas por un dos proxenitores e os fillos.